

FICHA TÉCNICA

INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA BETANZOS

Creación: Por Orde do 8 de novembro de 2000 da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria (DOG núm. 224, do 20.11.2000) pola que se establecen as condicións que deben de cumprir para acollerse á denominación Viño da Terra de Betanzos os caldos elaborados nesa comarca vitícola.

Regulamentación: Orde do 8 de novembro de 2000 da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria (DOG núm. 224, do 20.11.2000) pola que se establecen as condicións que deben de cumprir para acollerse á denominación Viño da Terra de Betanzos os caldos elaborados nesa comarca vitícola. Modificada por: Orde do 21 de decembro de 2006 da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 2, do 3.01.2007), Orde do 28 de abril de 2008, da Consellería do Medio Rural (DOG núm. 89, do 9.05.2008) e Orde do 1 de febreiro de 2012 da Consellería do Medio Rural e do Mar (DOG num. 31, do 14.02.2012).
Prego de condicións: publicada a última comunicación de aprobación de modificación no DOUE C-225 do 5.07.2019.

Enderezo: Avda. do Camiño Francés, 10, baixo
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 881 997 279
correo electrónico: agacal.certificacion@xunta.gal

Rexistros a 31 de decembro de 2022:

Superficie en produción:	7 ha
Viticultores:	8
Industrias:	6

Volume de actividade no ano 2022:


Produción uva: 24.101 kg

Viño cualificado : 8.187 l

Valor económico estimado: 33.000 €

Zona amparada pola IXP Betanzos

A zona amparada pola Indicación Xeográfica Protexida Betanzos está constituída polas terras aptas para a produción de uva dos concellos de Bergondo, Betanzos, Coirós, Miño e Paderne, así como das parroquias de Abegondo, Cabanas, Cerneda, Cos, Cullergondo, Leiro, Limiñón, Mabegondo, Meangos, Montouto, Presedo, Sarandóns, Vilacoba e Viós no concello de Abegondo; das parroquias de Bandoxa, Cis, Cuíña, Mondoí, Oza, Porzomillos, Reboredo, Salto e Vivente do concello de Oza dos Ríos e das parroquias de Osedo e Soñeiro do concello de Sada, toda ela na provincia de A Coruña.



Características dos viños da IXP Betanzos

Son vinos lixeiros, de graduacións alcohólicas moderadas; os elaborados a partir de uvas brancas presentan unha cor amarelo pálido con reflexos verdosos; os aromas son frutais e florais e o sabor é lixeiramente acedo e con postgusto persistente; os elaborados a partir de uvas tintas presentan cores de intensidade media de vermello-cerdeira a vermello-cerdeira escuro; aromas a froitos do bosque e o sabor é suave con estrutura e persistencia medias.

Variedades de uva da IXP Betanzos

- **Brancas recomendadas:** godello, branco lexítimo (albarín branco) e agudelo (chenín branco).
- **Brancas autorizadas:** palomino.
- **Tintas recomendadas:** mencía, brancellao e merenzao.
- **Tintas autorizadas:** gran negro e garnacha tintureira.

Tipos de viños amparados:

Brancos e tintos, elaborados cun mínimo do 60% de uvas das variedades consideradas como recomendadas.

A graduación alcohólica mínima dos viños monovarietais é do 11% en volume e no resto dun 10%.

